

IV. ENTIDADES LOCAIS IV. ENTIDADES LOCALES

Entrimo

Anuncio de licitación

Obxecto do contrato: procedemento aberto para a adxudicación do contrato privado de aluguer do soto da biblioteca, situado na avda. Santa M.ª A Real, A Terrachá.

Lugar de execución: soto da biblioteca, Concello de Entrimo. Duración do contrato: 5 anos.

Tramitación, procedemento e forma de adxudicación:

a) Tramitación: ordinario.

b) Procedemento: aberto.

Tipo de licitación: importa un total de 6.942,15 euros, ao que se engadirá o imposto sobre o valor engadido por valor de 1.457,85 euros, o que supón un total de 8.400,00 euros, polos cinco anos de duración do contrato. Quedan automaticamente excluídas as propostas que sexan inferiores ao canon mínimo.

Valor estimado do contrato: 6.942,15 euros, IVE excluído.

Criterios de selección: os especificados no prego.

Garantía provisional: non se esixe.

Garantía definitiva: 5% do importe de adxudicación do contrato.

Presentación das ofertas: as ofertas presentaranse no Rexistro Xeral do concello, no prazo de 15 días naturais contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. O anuncio de licitación e o prego de cláusulas administrativas particulares publicaranse no perfil de contratante da sede electrónica municipal, http://entrimo.sedelectronica.es. Se o último día do prazo de presentación da documentación coincidise en día inhábil, entenderase prorrogado o devandito prazo ao primeiro día hábil seguinte.

As ofertas poderán presentarse no Rexistro do concello, así como nos restantes rexistros electrónicos de calquera dos suxeitos aos que se refire o artigo 2.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións publicas; nas oficinas de Correos; nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro; nas oficinas de asistencia en materia de rexistros ou en calquera outro que establezan as disposicións vixentes, en virtude do establecido no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións publicas.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día, consignándose o número do expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do licitador.

Obtención de documentación e información: Concello de Entrimo.

Entrimo, 2 de outubro de 2017. O alcalde.

Asdo.: Ramón Alonso López.

Anuncio de licitación

Objeto del contrato: procedimiento abierto para la adjudicación del contrato privado de alquiler del sótano de la biblioteca, situado en la avda. Santa M.ª A Real, A Terrachá.

Lugar de ejecución: sótano de la biblioteca, Ayuntamiento de Entrimo.

Duración del contrato: 5 años.

Tramitación, procedimiento y forma de adjudicación:

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedimiento: abierto.

Tipo de licitación: importa un total de 6.942,15 euros, al que se añadirá el impuesto sobre el valor añadido por valor de 1.457,85 euros, lo que supone un total de 8.400,00 euros, por los cinco años de duración del contrato. Quedan automáticamente excluidas las propuestas que sean inferiores al canon mínimo.

Valor estimado del contrato: 6.942,15 euros, IVA excluido. Criterios de selección: los especificados en el pliego.

Garantía provisional: no se exige.

Garantía definitiva: 5% del importe de adjudicación del contrato

Presentación de las ofertas: las ofertas se presentarán en el Registro General del ayuntamiento, en el plazo de 15 días naturales contados a partir del día siguiente al de publicación del anuncio de licitación en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense. El anuncio de licitación y el pliego de cláusulas administrativas particulares se publicarán en el perfil de contratante de la sede electrónica municipal, http://entrimo.sedelectronica.es. Si el último día del plazo de presentación de la documentación coincidiera en día inhábil, se entenderá prorrogado el dicho plazo al primero día hábil siguiente.

Las ofertas podrán presentarse en el registro del ayuntamiento, así como en los restantes registros electrónicos de cualquiera de los sujetos a los que se refiere el artículo 2.1 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Publicas; en las oficinas de Correos; en las representaciones diplomáticas u oficinas consulares de España en el extranjero; en las oficinas de asistencia en materia de registros o en cualquier otro que establezcan las disposiciones vigentes, en virtud del establecido en el artículo 16.4 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Publicas.

Cuando las proposiciones se envíen por correo, el empresario deberá justificar la fecha de imposición del envío en la oficina de Correos y anunciar al órgano de contratación a remisión de la oferta mediante télex, fax o telegrama en el mismo día, consignándose el número del expediente, título completo del objeto del contrato y nombre del licitador.

Obtención de documentación e información: Ayuntamiento de Entrimo.

Entrimo, 2 de octubre de 2017. El alcalde.

Fdo.: Ramón Alonso López.

R. 3.036

Ourense

Oficialía Maior

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de 28 de setembro de 2017, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

45.- Aprobación das bases reguladoras e da convocatoria para a concesión de subvencións a asociacións de veciños para o funcionamento e a realización de programas ou actividades a favor do asociacionismo veciñal e da participación cidadá no Concello de Ourense, para o ano 2017 (expediente n.º 2017020178)

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (10 votos a favor), acordou:

1.- Aprobar as bases reguladoras para a concesión de subvencións a asociacións de veciños para o funcionamento e a realización de programas ou actividades a favor do asociacionismo veciñal e da participación cidadá no Concello de Ourense.



- 2.- Aprobar a convocatoria das subvencións a asociacións de veciños para o funcionamento e a realización de programas ou actividades a favor do asociacionismo veciñal e da participación cidadá no Concello de Ourense, para o ano 2017.
- 3.- Aprobar o gasto por importe de 51.100 euros con cargo á partida 190.9240.48956 do orzamento municipal vixente. (RC. 201700037516)
- 4.- Ordenar a publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia para o seu xeral coñecemento e efectos.

Ourense, na data da sinatura electrónica.

A concelleira-secretaria. Asdo.: Flora Moure Iglesias.

Expediente n.º 2017020178

Asunto: convocatoria de subvencións veciñais para o funcionamento e a realización de programas ou actividades a favor do asociacionismo veciñal e da participación cidadá, ano 2017

A Concellaría de Participación Cidadá do Concello procede a convocar axudas en materia de actividades veciñais para o exercicio 2017, conforme coas bases reguladoras da concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o funcionamento e a realización de programas e/ou actividades a favor do asociacionismo e da participación cidadá (en adiante bases reguladoras).

Primeiro. - Obxectivos e beneficiarios

É obxecto desta convocatoria, regular a concesión de subvencións destinadas á actividade de promoción e cooperación veciñal, a difusión, animación social e veciñal que contribúen á divulgación, promoción da participación cidadá, e a mellora da calidade de vida dos veciños e veciñas polas asociacións de veciños inscritas no Rexistro de entidades cidadás do Concello de Ourense, en consonancia co procedemento que aparece nas bases reguladoras, entre o 1 de decembro de 2016 e o 30 de novembro de 2017.

Segundo. - Crédito orzamentario

A subvención regulada nesta convocatoria concederase con cargo á aplicación orzamentaria 190.9240. 48956 dos orzamentos do Concello de Ourense para o exercicio en curso, cun orzamento de 51.100 €. (RC. 201700037516)

Este importe pode ser ampliado no caso de existencia de crédito na aplicación orzamentaria no momento da resolución, sen que esta circunstancia dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes.

Terceiro.- Contía

A contía das subvencións estará en función do custo dos programas e dos recursos cos que se conte para cubrir estes parcialmente. En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que supere o 75% do orzamento do proxecto nin os 3.000 € por solicitante.

Cuarto. - Solicitudes: prazo e forma

As solicitudes serán presentadas no Rexistro Xeral do concello ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administración públicas, e achegarán a documentación requirida nas bases reguladoras.

O prazo de presentación de solicitudes será de quince días hábiles, que comezarán a contar desde o día seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Quinto.- Lugar onde se poden obter as bases e formularios

As bases desta convocatoria e os formularios están a disposición dos interesados na páxina web da Concellería de Participación Cidadá (http:\\participacion.ourense.es), na páxina web do concello www.ourense.gal, e no Servizo de Participación Cidadá (praza de San Martiño, 2 baixo) desde o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial de la Provincia.

Sexto.- Procedemento

O procedemento de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva. En todo aquilo non previsto nas bases regulares estarase ao establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no seu regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral municipal de subvencións do Concello de Ourense.

Sétimo. - Prazo de xustificación

As asociacións deberán presentar a documentación para a xustificación da subvención concedida detallada nas bases reguladoras antes do 1 de decembro de 2017.

Bases reguladoras de subvencións a asociacións de veciños para o funcionamento e a realización de programas e actividades a favor do asociacionismo veciñal e da participación cidadá Base 1. Finalidade e obxecto

O Excmo. Concello de Ourense, tendo presente o seu obxectivo prioritario de fomentar e consolidar o asociacionismo veciñal e a participación cidadá, considera un deber inescusable prestar apoio ás entidades veciñais que traballan neste campo. Estas bases teñen como fin posibilitar a realización de actividades de promoción, difusión, fomento e consolidación do asociacionismo veciñal e a participación cidadá nunha concepción ampla desta, suxeitas á Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ourense, á Lei 38/2003 xeral de subvencións, á Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e aos regulamentos que eventualmente se diten para os seu desenvolvemento.

É obxecto destas bases regular a concesión de subvencións para o funcionamento e a realización de programas e/ou actividades veciñais que persigan, entre outros, a promoción da participación cidadá, dentro do termo municipal de Ourense.

Para os efectos destas bases, entenderase por actividades veciñais aquelas destinadas á promoción e cooperación veciñal, á difusión, animación social e veciñal que contribúen á divulgación, promoción da participación cidadá e á mellora da calidade de vida da veciñanza.

Quedan excluídas do obxecto destas bases:

- 1. Aquelas, que para a mesma finalidade, sexan solicitadas noutras convocatorias noutras áreas ou servizos do Concello de Ourense.
- 2. Aquelas que, en consideración ao proxecto e programación presentados, non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, indicando unha mala definición deste ou que a materia non se axuste aos obxectivos da convocatoria.
- 3. As que non cumpran algún dos requisitos destas bases ou as referidas ao artigo 2.2 da Ordenanza xeral municipal de subvencións.
- 4. Aquelas que supoñan a edición de documentos internos, así como externos de signo exclusivamente propagandístico.
- 5. Aquelas de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
- 6. Aquelas que inclúan actividades docentes previstas nos planes de ensino vixentes.

Base 2. Financiamento

A concesión das subvencións que constitúen o obxecto destas bases reguladoras estará limitada ao crédito máximo dispoñible que, con carácter anual, se habilite no orzamento da Concellería de Participación Cidadá.

Base 3. Beneficiarios/as

Poderán ser beneficiarias as asociacións de veciños con personalidade xurídica propia que, reunindo os requisitos xerais establecidos no artigo 3 da Ordenanza xeral municipal de subvencións cumpran os seguintes requisitos:



- Que desenvolvan a súa actividade no territorio Municipal de Ourense.
- Que estean inscritas no Censo Municipal de Entidades Cidadás, no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.
- Que xustificaran as subvencións do ano anterior, outorgadas polo Concello de Ourense.
- É obriga das beneficiarias, estaren ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Ourense, a AEAT, Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Seguridade Social, no momento en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.
- Deberán presentar declaración responsable na que se fagan constar o cumprimento de todos os extremos requiridos, así como que non se achan incursas en ningunha das situacións do artigo 34.4 da Lei xeral de subvencións.

Quedan expresamente excluídas aquelas entidades que asinaran algún convenio específico coa Concellería de Participación Cidadá.

Base 4. Contía e límite das axudas

A contía das subvencións estará en función do custo dos programas e dos recursos con que se conte para cubrir estes parcialmente. En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que supere o 75% do orzamento do proxecto nin os 3.000 € por solicitante. Estes límites operarán tanto no momento de outorgar a subvención como no exame da conta xustificativa que debe presentar a entidade beneficiaria da subvención, para acreditar o emprego da subvención concedida.

Base 5. Presentación de solicitudes, prazo e documentación

- 1. Modelo e presentación de solicitudes
- a) As solicitudes de subvención presentaranse no modelo normalizado que se achega con estas bases reguladoras. Os impresos de solicitude da subvención (anexos a estas bases reguladoras) e canta información precise para a súa presentación, serán facilitados pola Concellería de Participación Cidadá e na páxina web do Concello de Ourense (www.ourense.es) e na web propia da Concellería de Participación Cidadá (participación.ourense.es)
- a) As solicitudes serán dirixidas ao alcalde do Concello de Ourense, e achegarase a documentación solicitada nas bases reguladoras.
 - 1. Prazo de presentación
- a) O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación de cada convocatoria anual no Boletín Oficial da Provincia.
 - 1. Lugar de presentación:
- a) Rexistro Xeral do Concello de Ourense, ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
 - 1. Documentación
- a) Sen prexuízo do establecido no artigo 53.1 d) da Lei 39/2015, a solicitude deberá vir cuberta e coa seguinte documentación:
- i. Solicitude de subvención dirixida ao alcalde, segundo modelo normalizado (Anexo I).
- i. Certificación do secretario da entidade en relación coa actuación de representante legal (Anexo II)
- ii. Memoria do proxecto/actividade a favor do asociacionismo para a que se solicita subvención. Presentarase un por cada actividade para a que se solicite subvención (Anexo III).
 - iii. Fotocopia do NIF da entidade solicitante.
 - iv. Folla de terceiros (Anexo IV) .

- v. Declaración responsable de, entre outros aspectos, estar ao día nas obrigas tributarias con calquera das administracións e non estar incursa en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria que figuran nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, así como declaración das solicitudes de subvención realizadas a outros organismos e institucións públicas ou privadas dos proxectos para os que se solicitan as subvencións (Anexo V).
- vi. Non será necesario presentar aqueles documentos que se atopan en poder do Concello de Ourense sempre que se manifeste que non sufriron variación (Anexo VI).
- vii. Orzamento das actividades proxectadas. Un por cada actividade para a que se solicite subvención (Anexo III).
- 1. Se a documentación presentada fose incompleta ou presentase erros emendables, requiriráselle ao solicitante para que, no prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou achegue documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non facelo, se considerará que desistiu da súa solicitude e procederase ao seu arquivo.

Base 6. Criterios de valoración

De conformidade co artigo 8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesións das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Concellaría de Participación Cidadá destinada para tal fin no exercicio. Neste sentido, logo de excluír as solicitudes segundo o estipulado nestas bases, a Comisión de Valoración terá en conta os seguintes criterios e baremos de puntuación sobre un máximo de 100 puntos:

A) Proxecto (ata 65 puntos)

Valorarase de forma motivada, tendo en consideración como criterios xerais de valoración os seguintes:

- Que se baseen na análise das necesidades existentes no contorno, que teñan viabilidade técnica e prevexan un mecanismo de avaliación da actividade que se vai desenvolver. Ata 5 puntos.
- Que as actividades ou actuacións dos proxectos non se dirixan exclusivamente aos seus asociados, senón que estean abertas á comunidade, o que deberán facer constar na solicitude. Ata 2,5 puntos.
- Que a súa principal actividade sexa a defensa e representación dos intereses dos veciños e, non dos seus socios e por extensión do territorio que representa, salvagardando e defendendo de igual forma a participación individual da cidadanía polas vías establecidas ou polos que a entidade dispoña. Ata 2,5 puntos.
- Terase en consideración se a entidade ten a súa sede en locais cedidos gratuitamente polo concello ou por outra institución, se soporta directamente gastos de mantemento do local, así como se está acometendo, ás súas expensas reformas importantes. Ata 2,5 puntos.
- Terase en conta o número de asociados da entidade, o grao de representatividade e a significación no barrio ou área de influencia: Ata 2,5 puntos.
- Grao de execución e xustificación de proxectos da mesma entidade anteriormente subvencionados. Ata 5 puntos.
- Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais e finalistas. Ata 20 puntos.
- Que os programas conten con contidos e metodoloxías socioeducativas. Ata 15 puntos.
- Estean dirixidas á promoción dos sectores de poboación máis indefensos (infancia, terceira idade, desempregados/as, etc.) Ata 10 puntos.



No caso de valorar con 15 ou menos de 15 puntos o proxecto presentado, non se seguirán valorando os demais criterio, entenderase desestimada a solicitude e non se outorgará subvención ningunha por obteren puntuación insuficiente.

- B) Esforzo financeiro (ata 20 puntos).
- É a porcentaxe que representa o financiamento alleo ao Concello de Ourense no custo da actividade. Esforzo financeiro = [(1- (Importe solicitado/ Custo actividade)) * 20]
- C) Realización de actividades en colaboración con outras asociacións pertencentes ao rexistro de entidades do Concello de Ourense (ata 10 puntos).

Valoraranse aqueles programas que sexan interasociativos e con incidencia na contorna.

D) Emprego da lingua galega (ata 5 puntos).

Valoraranse aqueles proxectos que, polo seu contido e obxecto, entrañen unha promoción do uso da lingua galega.

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos achegados pola asociación.

Base 7. Gastos subvencionables e non subvencionables.

Son gastos subvencionables aqueles que respondan á natureza da actividade subvencionable, sempre que figuren efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación, aplicándoselle a cada convocatoria os gastos comprendidos entre o 1 de decembro do ano precedente ata o 30 de novembro de cada exercicio orzamentario.

Non serán gastos subvencionables os gastos xerais das entidades solicitantes relativos ao financiamento, adquisición de patrimonio, investimentos e equipamento, mantemento ou alugueiro de locais, limpeza, luz, nin facturas de gastos de locomoción

Serán gastos subvencionables os gastos de administración de xestión, persoal, material funxible, e conexión telefónica así como as actuacións complementarias dos proxectos subvencionados que se destinen a ágapes, viño español, comidas de irmandade ou outras de semellante natureza, tanto se son contratadas a empresas externas, como se son organizadas pola propia entidade beneficiaria, que en conxunto non excedan do 20% do custo da actividade

Para ese efecto, enténdese por custo da actividade o importe resultante da suma de todos os gastos directos subvencionables conforme a estas bases.

Base 8. Instrución

- 1) A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas correspóndelle ao xefe de Servizo de Participación Cidadá ou ao funcionario en quen delegue, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que se realice a proposta, de conformidade co previsto no artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- 2) Se a solicitude, a documentación e a información presentada non reunise os requisitos esixidos, a persoa interesada será requirida para que no prazo de dez días, contados desde o día seguinte á recepción da notificación, corrixa as faltas ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, de non facelo, entenderase que desiste da solicitude ao abeiro do disposto no artigo 68 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- 3) Unha vez excluídas as solicitudes que non reúnan os requisitos necesarios para ser beneficiarias, o expediente seralle remitido á Comisión de Valoración, órgano colexiado composto polo/a concelleiro/a delegado/a de Participación Cidadá que actuará como presidente/a, o xefe/a de Servizo de Participación Cidadá, o interventor municipal ou funcionario en

quen delegue, o asesor xurídico municipal, o funcionario instrutor se é distinto do xefe de servizo, e un/ha funcionario/a que se designe que actuará como secretario/a.

- 4) A Comisión de Valoración poderá:
- a) Solicitar cantos informes estime necesarios para resolver.
- b) Valorar as solicitudes que cumpran os requisitos para ser beneficiarias de conformidade cos criterios establecidos nas bases.
- c) Emitir informe de valoración respecto das solicitudes de subvención.
- 1) A valoración individual das subvencións determinarase procedendo primeiro á exclusión das solicitudes que incumpran as bases ou a convocatoria e valoraranse as restantes solicitudes, conforme co establecido na base sexta.
- 6) Unha vez emitido o informe de avaliación, o órgano instrutor formulará unha proposta de resolución definitiva que expresará a relación de solicitudes para as que se propón a subvención, e a súa contía, especificando a súa avaliación e os criterios seguidos para efectuala. Tamén conterá a relación de aspirantes aos que se lles denega a subvención xunto coa motivación.

Base 9. Resolución e réxime de recursos

- 1) Logo da proposta do órgano instrutor, correspóndelle á/ao concelleira/o delegada/o de Participación Cidadá a resolución motivada de concesión ou denegación das axudas no prazo de tres meses, que comezarán a contar desde a data de remate do prazo de presentación de solicitudes. Para ditar a resolución definitiva e notificar esta resolución estarase ao disposto nos artigos 88 e 40 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas, respectivamente.
- 2) De conformidade co disposto no artigo 25.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución, lexitima ás asociacións ou entidades solicitantes para entender por silencio administrativo as solicitudes de concesión de subvencións.
- 3) Estas bases reguladoras e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución esgotan a vía administrativa. Contra elas poderá interpoñerse directamente un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de conformidade co artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses.
- 4) Así mesmo, poderá interpoñerse previamente, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Este recurso entenderase desestimado por silencio administrativo se transcorrer outro mes sen contestar.
- 5) En todos os casos os prazos se contarán a partir do día seguinte á recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entende desestimado.

Base 10. Subcontratación

As beneficiarias poderán subcontratar a porcentaxe necesaria, ata o 100% do importe da actividade, para a execución correcta do proxecto subvencionado. No caso de subcontratación deberán de cumprirse as determinacións establecidas no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Base 11. Compatibilidade con outras axudas ou subvencións percibidas de entidades públicas

As subvencións concedidas ao abeiro destas bases son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas, sempre que o conxunto destas axudas ou subvencións non exceda do 100% do custo da actividade subvencionada. Para este único efecto terase en conta a totalidade dos gastos que declare a entidade imputables a esta actividade e non unicamente os gastos que, de acordo con estas bases, resulten subvencionables.



Base 12. Renuncia

As beneficiarias poderán rexeitar a subvención concedida no prazo de quince días desde a notificación da concesión. No caso de que non comuniquen de forma expresa o rexeitamento, entenderase que aceptan a subvención na contía concedida. O cumprimento da obriga de comunicar a renuncia da subvención, no seu caso, poderá ser considerado infracción administrativa, conforme co disposto no artigo 56 da Lei xeral de subvencións, e dará lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador.

Base 13. Prazo e forma de xustificación da subvención

A data límite para dar cumprimento, por parte da entidade beneficiaria, da obriga de xustificación da subvención e solicitar o pagamento da subvención outorgada será ata o un (1) de decembro do ano en curso mediante a presentación da seguinte documentación:

- 1) Instancia subscrita pola persoa representante da entidade beneficiaria da subvención dirixida ao alcalde do Concello de Ourense solicitando o pagamento de subvención(s) concedida(s). (Anexo VIII)
- 2) Memoria detallada que inclúa declaración das actividades financiadas coa subvención, explicación da realización, participantes, datas e o seu custo así como exemplares da publicidade, se fose o caso (carteis, dípticos, fotos, etc.).
- 3) Relación numerada de todas as facturas de cada un dos gastos realizados e xustificados polo importe total do custo da activida-de/proxecto coa expresión mínima da data, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data de pagamento e porcentaxe de aplicación imputado ao proxecto. (Anexo IX)
- 4) Presentación de todas as facturas, con validez no tráfico xurídico mercantil ou laboral e coa acreditación de estar pagada antes da finalización do período da xustificación. As facturas deben ser orixinais e deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:
 - Número e, de ser o caso, serie.
 - ◆ Nome e apelidos ou denominación fiscal.
- ◆ Número de identificación fiscal (NIF ou CIF).
- Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.
 - Lugar e data de emisión.
- 1) Nas facturas computarase o gasto acreditado, agás o IVE cando sexa susceptible de recuperación ou compensación polo beneficiario. En ningún caso o límite da subvención superará o 75 % do gasto presentado.
 - 2) A acreditación do pagamento farase:
- ★ No caso de pagamentos que sexan iguais ou superiores a 1.000 € por provedor: presentación de documento bancario no que conste o terceiro a quen vai dirixido o pagamento e data en que foi realizado.
- * Para o suposto de que se inclúan facturas con retencións fiscais deberá achegarse xustificante de ter ingresado o seu importe na facenda pública (agás os correspondentes ao último trimestre do ano). As cantidades retidas en concepto de IRPF deben xustificarse mediante os modelos 111 ou 190.
- ★ O pagamento en concepto de rendemento de traballo pendente, xustificarase a través das nóminas orixinais pagadas, acompañadas dos correspondentes TC.
- 1) Liquidación de ingresos e gastos da actividade subvencionada segundo o modelo normalizado (Anexo X).
- 1) Un exemplar de toda a documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello de Ourense no financiamento da actividade. Non se esixirá o cumprimento desta obriga no suposto de actividades totalmente realizadas con anterioridade á resolución desta convocatoria.
- 1) Declaración responsable da asociación ou entidade preceptora acreditativa, entre outros aspectos, dos seguintes extremos: (Anexo V).

- Percepción doutras axudas ou subvencións para os proxectos subvencionados.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada e foron pagados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.

Base 14. Comprobación das subvencións

Se no exame da documentación presentada, esta se atopa incompleta ou defectuosa, concederáselle á entidade beneficiaria un prazo improrrogable de 10 días hábiles para a súa emenda ou entrega, transcorridos estes sen ter sido efectuada, teríaselles por desistidos da súa petición logo de resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas.

O Servizo de Participación Cidadá será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a axeitada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe proposta que se incorporará á conta xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.

Base 15. Pagamento

- 1) O pagamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria unha ver rematen os programas obxecto da subvención e sexan debidamente xustificados.
- 2) Logo da solicitude motivada da entidade subvencionada e sempre que o permita a dispoñibilidade da Tesourería do Concello de Ourense, poderá efectuarse, con carácter anticipado á xustificación dos gastos, o libramento do 50% da contía subvencionada, xustificada a totalidade do gasto pagarase o 50% restante. No caso de efectuarse pagamentos anticipados, poderá esixirse a prestación de garantías mediante depósitos, avais seguros de caución ou garantías persoais e solidarias e dereitos reais de garantías. (Anexo VIII)
- 3) Procederase á redución proporcional do importe da subvención nos seguintes casos:
- a) Cando o gasto validamente acreditado en facturas ou documentos equivalentes sexa inferior ao 75% do custo da actividade declarado para a obtención da subvención, procederá a perda do dereito á subvención ou ao seu reintegro na mesma proporción en que se tivese reducido o custo da actividade subvencionada, tomando como referencia o 75% do custo do proxecto (Anexo III).
- b) Se o importe da subvención concedida supera o 75% do custo final da actividade.
- c) Cando en concorrencia con outras axudas públicas se supere o 100% do custo total da actividade. Para este único efecto terase en conta a totalidade dos gastos que declare a entidade imputables a esta actividade e non unicamente os gastos que de acordo con estas bases resulten subvencionables.
- b) Polo incumprimento do esforzo financeiro declarado no proxecto.

A porcentaxe de esforzo financeiro operará tanto no momento de outorgar a subvención como no exame da conta xustificativa que debe presentar o beneficiario da subvención, para acreditar o emprego da subvención concedida.

Base 16. Perda do dereito ao cobro, nulidade e reintegro das subvencións. Réxime de infraccións e sancións

Perda do dereito á cobranza:

Dará lugar á perda do dereito a cobranza da subvención o incumprimento por parte da entidade beneficiaria da subvención de calquera dos deberes previstos nestas bases e, especialmente:

• Os deberes aos que se condiciona o pagamento da subvención.



- O incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención.
 - · A variación da finalidade da actuación.
 - A falta de xustificación da subvención ou a súa insuficiencia.
- A obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da subvención municipal e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:

En canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e do seu reintegro, estarase ao disposto nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LGS).

Procederase ao reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a orixe do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

En canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer as entidades beneficiarias destas axudas, e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no capítulo IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, sen prexuízo das especialidades que se establecen na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xullo.

Base 17. Tratamento de datos de carácter persoal

O datos das entidades solicitantes e dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto destas bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia de acordo coa conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

